

AFINIDADES CROMÁTICAS (II)

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Luns, 20 Decembro 2010 22:35



Na primeira entrega centrei o artigo nalgunhas percepcións miñas sobre a cuestión da cor nos obxectos, artefactos e obras propostas polo ser humano, e as consecuencias, ou non, que isto ten para a beleza; para algún tipo de beleza. Para o meu tipo. Nesta segunda entrega fixareime na cor da contorna natural desas obras; basicamente no mundo vexetal.

Poderíamos dicir que, a riqueza cromática da paisaxe natural tende a medrar na medida que o fai a proporción de vexetación que a habita e, non obstante, non sempre isto é totalmente certo. Explícome: segundo esta máxima, Galicia, xenericamente, debería ocupar un lugar de privilexio entre as máis importantes xeografías cromáticas e sen embargo, esta cuestión, eu percíboa así só puntualmente por culpa dunha política de repoboación forestal que non comparto. Non vou axuizar parámetros económicos -posiblemente a raíz deste problema- nin a repercusión que este feito tivo sobre o sotobosque, a fauna e tantos outros; só atenderei ás repercusións cromáticas e as súas, entendo, negativas consecuencias. Galicia, segundo podemos comprobar aínda en territorios de O Courel, O Cebreiro, Os Ancares, zonas de Lalín, de Celanova, da Limia, do Sil, e outros lugares, foi toda ela dona dunha variada vexetación arbórea, abundante en especies de folla caduca, propiciatoria para que o transito circular do tempo fose unha festa cromática baixo unha luz natural á que a propia vexetación arrancaba sabias presenzas. Galicia posuía un cromatismo *identitario*.

Centrémonos no Val do Miñor. A desmedida presenza de eucaliptos e piñeiros, entre outras especies, fai que vivamos afastados daquela cor propia e, por contra, rodeados dun perenne verde escuro que coa distancia *mútase* en azul agrisado. Así, todos os días do ano. O ideario colectivo hai xa tempo que asumiu esta cor como propia destas terras e eu entendo que non o é; só, a actual. Dende a miña ventá podo contemplar unha ampla vista de Gondomar, Mañufe, Donas, Borreiros e parte de Baiona, pechada pola silueta que debuxa a Serra dá Groba, e de toda ela só se desmarca da descrición anterior un anémico fío que a suca de leste a oeste: a vexetación de ribeira que acompaña ao río Miñor. O Val, a día de hoxe, non é aquel extenso xardín que habería de mostrar unha orxía de amarelos, laranxas, vermellos e marróns, no outono; unha paleta de múltiples verdes pálidos, diferenciados por sutís tonalidades, na primavera; uns verdes potentes, escuros, arrimados a profundas sombras, no verán; e unhas escultóricas estruturas arbóreas núas, sen resistencia ao paso da luz, no inverno.

A luz natural en Galicia eu percíboa cincenta, misteriosa, con sombras botadas negras e de límites esvaídos, cansa; atlántica. Todo o contrario que a da Baía de Cádiz, por caso, onde, segundo puiden comprobar hai anos, é branca e cegadora, con sombras azuis de límites

AFINIDADES CROMÁTICAS (II)

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Luns, 20 Decembro 2010 22:35

aristados, alegre; mediterránea. Estas propiedades que sinto da luz, ao non ter ela compensación no manto vexetal que a recibe, fai que os meses escuros, arredor do solsticio de inverno, sexan por estas paraxes máis negros, melancólicos e opresivos do que debesen. O verde escuro é unha das cores que máis luz absorbe; que menos a rebota. Isto é o que propicia que, neses meses, as beiras destas densas masas forestais se perciban aínda máis nitidamente como espazos apagados, tristes, fríos, escuros; asfixiantes. Camiñar por un bosque de eucaliptos e piñeiros, dende unha perspectiva lumínica e, consecuentemente, atendendo a resultados anímicos, é moi distinto a facelo por outro de castiñeiros, bidueiros, salgueiros, faias e carballos. Tamén a camiñada será distinta a nivel cromático, oloroso, táctil, acústico... emotivo. Este bosque dotado da axeitada compensación de luz e cor, de vestimenta e nudez, este desexo do que estou a falar, sería o belo fondo dun escenario onde nós haberíamos de pousar, con moito máis coidado, medida e modestia, do que se está a facer, as nosas sinxelas e discretas creacións.